



Código Técnico da Edificación

29_mar_07 entrada en vigor dos Documentos Básicos:

DB SE. Seguridade Estrutural.
DB SE-AE. Accións da Edificación.
DB SE-C. Cimentos.

DB SE-A. Aceiro.
DB SE-F. Fábrica.
DB SE-M. Madeira.
DB HS. Salubridade.

A partir do próximo 29 de marzo será obrigatoria a aplicación da **totalidade** dos Documentos Básicos do RD 314/2006 (DT 3ª) dos que se compón o Código Técnico da Edificación, e especificamente os referidos a:

▪ Seguridade estrutural

// Bases de cálculo _DB SE

_relativo á resistencia mecánica, estabilidade, aptitude de servizo e durabilidade.

// Accións da Edificación_DB SE-AE

_relativo á determinación das accións.

// Cimentos_DB SE-C

_relativo á seguridade estrutural, á capacidade portante e a súa aptitude de servizo.

Este DB esixe, a presentación dun estudo xeotécnico visado.

// Aceiro_DB SE-A

_relativo á elementos metálicos realizados con aceiro, substitúe aspectos regulamentados na NBE EA 96 de estruturas de aceiro.

// Fábrica_DB SE-F

_relativo ós muros resistentes de fábrica, substitúe aspectos regulamentados na NBE FL-90 de estruturas de fábrica de ladrillo.

// Madeira_DB SE

_relativo ós elementos estruturais de madeira na edificación, regulamentando aspectos non lexislados ata o momento.

▪ Salubridade_DB HS

_que substitúe aspectos regulamentados parcialmente na NBE QB 90 (HS1), ademais normativiza a recollida e evacuación de residuos (HS2), regula a calidade do aire interior e complementa aspectos de habitabilidade e accesibilidade (HS3), e substitúe aspectos de instalacións de auga interior regulados ata agora na OM 9/12/75 (HS4).

▪ Documentación do proxecto

_entrada en vigor efectiva da nova estrutura documental de todo proxecto, indicada no anexo I e II do CTE, que inclúe entre outros, novos contidos, aspectos de mantemento da edificación, control de obra, etc.

Esta Secretaría colexial tamén quere recordar as seguintes cuestións relativas a:

a) Entrega de proxectos non adaptados totalmente o CTE: _prazo límite visado

Recórdase, que o prazo límite para a presentación no COAG de proxectos non adaptados TOTALMENTE ó CTE (alomenos na súa fase de básico) e que este garanta o seu visado antes do 28 de marzo (inclusive) para poder solicitar licenza ata esa data, e sempre que o mesmo estea completo, é o **15 de marzo**.

Tamén recórdase que aqueles expedientes retidos no visado que se completen a partires do 29 de marzo, terán que adaptarse totalmente ao CTE.

b) Documentación + asesoramento CTE

>>> os asesores CTE das Delegacións suministran toda a información relacionada co CTE, ésta actualízase periódicamente e poderédela consultar no novo blog temático do cte na dirección:

<http://blogcte.coag.es>

>>> así mesmo estes compañeiros facilitan asesoramento sobor o uso e manexo do Programa de Memorias de proxectos, feito pola CAT adaptado ao CTE, e mailo programa LIDER, a través de cursos específicos para os colexiados.